

UN ANO DE “COUSAS DE RAÍCES”

Cerna/Redacción

Tras un ano desde o impulso da campaña “Cousa de Raíces” na defensa do bosque galego, o número de asociacións, colectivos, plataformas, centros de investigación, comunidades de montes, empresas e particulares que se uniron a esta iniciativa, posta en marcha por ADEGA, non deixou de medrar. Actualmente participan dela máis de 50 entidades. O alcance da campaña, como así estaba previsto, vén marcado pola proposta de accións e colaboracións establecidas entre os seus membros, que procuran defender o bosque autóctono galego desde varios eidos con carácter reivindicativo, divulgativo ou educativo e de intercambio de coñecementos. Neste artigo, presentamos un breve resumo dos avances que se teñen dado durante este ano no marco da campaña “Cousa de Raíces”.

En xuño de 2014 presentábase na Eira da Xoana a campaña “Cousa de Raíces”, co ánimo de sumar todas as vontades, esforzos e iniciativas existentes no país destinadas a defender o bosque galego, ben sexa como recurso económico, ambiental, paisaxístico, cultural ou, mesmo, identitario. O daquela vogal de Medio Rural de ADEGA, Xabier Bruña, presentaba así esta iniciativa: “As raíces soterradas ocultas baixo a terra representan o pilar fundamental do que é a nosa sociedade e do que será. É cousa de raíces que entre todas e todos camiñemos cara a un mesmo obxectivo: a preservación do noso bosque”.

Non é esta a primeira campaña social que se desenvolve en Galiza co gallo de defender o bosque autóctono; de feito, nos últimos 25 anos, diversos colectivos trataron de camiñar cara esta dirección e, mesmo, se presentou unha Iniciativa lexislativa popular no Parlamento galego que buscaba un cambio de rumbo na política forestal do país, pero non obtivo os apoios suficientes no Parlamento. O certo é que, pese a todas estas loábeis iniciativas, os datos do Inventario Forestal Nacional (o último, publicado en 2009) seguen a indicarnos que as masas arbóreas de bosque atlántico seguen en regresión en Galiza e que a día de hoxe xa ocupan por baixo do 30% de toda a superficie forestal arborada. O resto estaría ocupado por plantacións en monocultivo ou masas mixtas de especies pirófitas e foráneas, principalmente de eucalipto e piñeiro, nas súas di-

versas variedades (unhas 400.000 ha –o 30% da superficie arborada de Galiza– contan coa presenza do eucalipto). Tamén os datos oficiais, solicitados á Consellaría de Medio Rural, nos indican que nos anos máis recentes aumentaron as denuncias por cambios de uso de parcelas ou repoboacións forestais prohibidas pola normativa vixente.

Por tanto, o obxectivo fundamental de “Cousa de Raíces” é reclamar un cambio de políticas no eido ambiental, de ordenación do territorio e forestal que, non só eviten este decrecemento continuado do bosque galego, senón que poñan freo ao avance irracional e desmedido do cultivo de especies foráneas que desprazan as propias e que mudan por completo a funcionalidade dos ecosistemas, favorecendo os incendios forestais e asentando a dinámica do éxodo rural.

A ACCIÓN REIVINDICATIVA E DE DENUNCIA

Defender o bosque galego é “cousa” de toda a sociedade, porque todos os axentes sociais somos xestores do territorio, incluído o forestal. No entanto, as Administracións públicas teñen unha obriga moral e legal de velar polo interese de toda a sociedade, especialmente a autonómica e a local, por seren as que teñen competencias na xestión da ordenación territorial e forestal de Galiza e dos municipios galegos. “Cousa de Raí-



Representantes de varios colectivos integrantes da campaña “Cousa de Raíces” no día do seu lanzamento na Eira da Xoana.

ces" pretende, por tanto, exercer a presión política e pública necesaria para instar ás distintas administración a cumprir a normativa vixente en materia de protección ambiental, prevención contra os lumes ou plantacións forestais, entre outras.

Neste senso, a campaña "Cousa de Raíces" xa ten tramitado desde o seu lanzamento máis de 50 denuncias por plantacións ilegais, nomeadamente do xénero *Eucalyptus*, perante a Consellaría de Medio Rural, que incumpren o disposto pola Lei de Montes de 2012. Desde ese ano, segundo datos oficiais recadados na campaña, as denuncias por plantacións ilegais e cambios de uso aumentaron nun 274%! Este feixe de plantacións ilegais espalladas por todo o país afectan, na súa maioría a cambios de uso ou actividades do solo, repoboacións con eucalipto onde antes había especies frondosas, plantacións de pirófitas en terreos agrarios ou incumprimentos nas distancias das plantacións. Incluso foron denunciados casos de plantacións ilegais que afectaron a espazos protexidos de Rede Natura, como o da ZEC Canón do Sil ou o do LIC Xubia-Castro.

"Cousa de Raíces" tamén se ten manifestado en contra de feitos concretos que se teñen artellado pola Administración pública durante este último ano e que prexudican a biodiversidade propia. Un destes exemplos foi a reforma do Decreto galego de árbores senlleiras que no novo texto elimina o réxime de protección preventiva das árbores e formacións senlleiras en tramitación e rebaixa os criterios de protección, agora á discreción das xefaturas provinciais do territorio. Outro feito que alentou unha oposición clara por parte de "Cousa de Raíces" foi a autorización por parte da Xunta dunha fumigación masiva de eucaliptos contra a praga do gorgullo, con produtos químicos tóxicos e contaminantes en eucaliptais da Coruña, Pontevedra, O Ribeiro e A Mariña.

Ao mesmo tempo, esta campaña fíxose eco doutros movementos sociais, ecoloxistas ou veciñais que defenden con ímpeto a protección de bosques inminentemente ameazados por actividades industriais ou gubernamentais. O bosque ameazado de Fragas Vellas (Catasós, Lalín) por mor do paso dunha liña de alta tensión de Fenosa; o ameneiral de Sarria, afectado polo proxecto de encanamento do río que atravesa a vila ou a Fraga de Menáncaro de Ferrol, rescatada recentemente dun proxecto urbanístico especulativo, recibiron o apoio de "Cousa de Raíces".

A ACCIÓN DIVULGATIVA

Outra das intencións da campaña "Cousa de Raíces" é a de funcionar como canle divulgativa das accións, experiencias ou movementos que se desenvolvan no país cara á conservación do bosque galego. A este respecto, creouse a plataforma web "cousaderaices.wordpress.com" para, dunha banda, recoller nunha soa canle todas estas iniciativas promovidas por entidades, colectivos, empresas, centros de investigación e/ou universidades que estean a traballar a prol do bosque galego, e, por outra, para facilitar o contacto entre todos os membros deste movemento e favorecer a partilla e intercambio de coñecementos, ideas e accións.

O web tan só é un medio informativo dos feitos e accións que se desenvolven dentro, e tamén fóra, da campaña e que constitúen un valor engadido para a causa; mais, son os feitos e as accións as que realmente reclaman a reacción e participación social na reivindicación dos nosos bosques. Accións de voluntariado como a plantación de árbores autóctonas, eliminación de especies invasoras; realización de roteiros divulgativos que axudan a coñecer os diferentes tipos de bosques; exposicións ou mostras sobre exemplares arbóreos ou formacións senlleiras; xornadas de formación, debate ou divulgación arredor dos impactos do eucalipto, da alternativas sostíbeis do monte, dos produtos do bosque, etc.; ou publicacións de libros ou cadernos de interese sobre o noso patrimonio forestal son algunhas das iniciativas propostas e/ou apoiadas pola campaña "Cousa de Raíces" co gallo de satisfacer a necesidade urxente de poñer en valor o bosque galego e facer á cidadanía participe da súa dignificación a todos os niveis: ambiental, económico, social, cultural, paisaxístico, etc.



Plantación ilegal de eucaliptos sobre un antigo bosque atlántico na Zona de Especial Conservación e Lugar de Interese Comunitario Xubia-Castro, espazo de Rede Natura 2000.



"Cousa de Raíces" promove accións de educación ambiental para cativos e maiores. Na foto, plantación de árbores autóctonas na Eira da Xoana.



A campaña tamén promove a realización de xornadas e charlas divulgativas e formativas sobre os valores e produtos dos nosos bosques.

Con este mesmo propósito, involucrar a sociedade galega na protección das nosas masas arbóreas e facer visíbel a súa participación na causa, "Cousa de Raíces" tamén impulsou a edición de certos materiais. Baixo a coordinación de ADEGA, elaborouse un "kit de denuncia" no que se recollen as principais referencias normativas da Lei de Montes de Galicia que se adoitan incumplir na actualidade, así como un modelo de denuncia para que poida ser presentado ante as autoridades competentes por particulares ou colectivos que sexan coñecedores dunha infracción, ilegalidade ou atentado que se teña cometido contra o bosque galego e a súa biodiversidade. Esta ferramenta de apoio é moi útil, sobre todo, para aquelas persoas que non están afeitas a moverse no ámbito da acción administrativa e que queren apelar ao cumprimento da lexislación en materia do ordenamento territorial ou forestal.

Doutra banda, e con motivo do Día da Biodiversidade 2015, "Cousa de Raíces" elaborou a publicación "Experiencias sostíbeis no monte galego"

na que se recollen un total de 23 iniciativas produtivas ou proteccionistas que se están a desenvolver con éxito en Galiza e que foxen das plantacións de monocultivo ou tratan de frear o éxodo rural. Son proxectos baseados na aposta polas especies forestais propias, na diversificación de producións, na recuperación de terras de cultivo ou razas galegas, no aproveitamento dos froitos do bosque, etc. Os seus promotores son familias, comunidades de montes, particulares, empresas, sociedades ou entidades sen ánimo de lucro que se constitúen en exemplos a seguir na busca dun rural e dun monte sustentábel.

A ACCIÓN CONXUNTA

Os obxectivos de “Cousa de Raíces” serían máis difíciles de acadar se non se dispuxese da acción conxunta de todos os membros da campaña. O feito de contar coa participación duns 50 colectivos e entidades de diferentes ámbitos ligados á conservación, produción ou investigación do bosque galego favorece: o establecemento de lazos de cooperación antes inexplorados; a introdución ao debate e á reflexión de diferentes perspectivas sobre todos os aspectos relativos á floresta galega e ás súas ameazas; o coñecemento simultáneo das novidades científicas, lexislativas, xurídicas ou empresariais que se estean a producir neste terreo; e mesmo, o alcance da difusión pública da propia campaña e dos seus obxectivos.

Este carácter integrador e integral da campaña “Cousa de Raíces” non ten previsto pechar a porta a novas incorporacións que pretendan ligar a súa acción divulgativa, reivindicativa, formativa, produtiva, de custodia, etc., do bosque galego á unha acción máis sinérxica e colectiva. “Cousa de Raíces” defínese como unha campaña aberta e proactiva tamén na súa folla de ruta, determinada pola vontade de cada un dos seus membros e sen máis guiñ preestablecido que a

reivindicación e posta en valor do bosque galego e a denuncia das súas ameazas.

“Cousa de Raíces” apela á unión de esforzos e ao artellamento de novas vías de colaboración entre os diferentes axentes sociais do territorio galego que fagan forza contra as posicións indiferentes, contrarias ou discriminatorias cos nosos bosques e, por conseguinte, coa fertilidade do noso solo, coa nosa biodiversidade, cos produtos do noso monte, coa nosa paisaxe ou coa nosa identidade.

Web de “Cousa de Raíces”: cousaderaices.wordpress.com
Contacto: cousaderaices@adega.gal

INTEGRANTES DE COUSA DE RAÍCES

ADEGA, ADENCO, AGA, A ZARROTA, ALIBÓS, ARTEU, AFG, ASOPORCEL, AGCT, ASOC. PATRIMONIO CASTROVERDE, BANDULLO ECOLÓXICO, BÉTULA, CARBALLO VIVO, CASTIÑEIRO E NOGUEIRA, CDR ANCARES, CENTRO INVESTIGACIÓN LOURIZÁN, CHAO DE CASTRO-ALTAR, COLECTIVO TERRA, COVA DA TERRA, CULTURA DO PAÍS, CVMC DE LOUSAME, CVMC SOBREIRAS DO FARO, CYCLOWOOD, EIRA DA XOANA, ENARBORAR O BOSQUE, A ESTRUGA, FACTORÍA DE IDEAS, FEG, FORO DO CAMIÑO, FRAGAS DO MANDEO, FROUMA FORESTAL, FRUGA, GRUPO HÁBITAT, HIFAS DA TERRA, QUERCUS SONORA, MARINAPATRIMONIO, MILHULLOA, NATURVIVA, ORGACMM, OVICA, PETÓN DO LOBO, PLATAFORMA SARRIANA POLO RÍO, ESC. POLITÉCNICA DE LUGO, POSADA MARRÓN GLAÇE, PROXECTO MONTENOSO, PROXECTO NEO, RIDIMOAS, RÍOS CON VIDA, SGO, SOBREIRAS DO ULLA, TESOUROS DE GALICIA, VERDEGAIA.



Capa da publicación “Experiencias sostíbeis no monte galego”, editado para o Día da Biodiversidade 2015.



O 25 de xaneiro de 2015 tivo lugar un roteiro multitudinario ás Fragas Vellas-Catasós de Lalín, na defensa deste espazo fronte o paso dunha liña eléctrica de alta tensión.